



BORRADOR ACORDO ENTRE A XUNTA DE GALICIA E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS POLO QUE SE CONVOCA O PROCEDEMENTO DE ACCESO AOS GRAOS I E II DO COMPLEMENTO DE DESEMPEÑO DO POSTO DE TRABALLO PARA O PERSOAL LABORAL.

O presente acordo ten por finalidade a convocatoria de carácter extraordinario dos graos I e II do complemento de desempeño do posto de traballo para persoal laboral da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia para aquel persoal non incluído nos anteriores acordos e convocatorias referidas ao ano 2022 por non cumprir os requisitos.

Así, trátase de que o persoal da Xunta de Galicia que veu ingresando en anos pasados e a día de hoxe ten xa máis de 5 anos de servizo poida acceder tamén á carreira profesional. Porén, tamén se lles da a posibilidade a aquelas persoas que xa tiñan esa antigüidade pero non cumprían outros requisitos como a formación, posibilitando que nesta convocatoria lle conten os cursos realizados nos últimos anos.

Tamén se lle da acceso a aquel persoal con máis de 11 anos de servizo que, polo mesmo motivo comentado anteriormente, non tivo oportunidade de acadar o grao II na anterior convocatoria.

Este acordo divídese en tres seccións, consta de 17 artigos, catro cláusulas adicionais e unha disposición derradeira.

A sección primeira, baixo a rúbrica de disposicións xerais consta de once artigos, e regula o obxecto, o ámbito subxectivo, os supostos de desistencia, renuncia e cambio de grupo ou vínculo, así como a forma de acreditación dos requisitos esixidos e o procedemento.

As seccións segunda e terceira regulan, respectivamente, os criterios de acceso ao grao I e ao grao II.

Por todo iso, en virtude do disposto no artigo 38 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado



público, e do disposto no artigo 154 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as partes

ACORDAN:

SECCIÓN PRIMEIRA. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Obxecto*

Este acordo ten por obxecto regular o procedemento para o acceso ao réxime extraordinario dos graos I e II do sistema transitorio do complemento de desempeño do posto de traballo para o persoal laboral que non cumpría os requisitos nas convocatorias de 2019 e 2022. Este complemento de carácter fixo será adicional aos conceptos retributivos actualmente existentes na estrutura salarial do persoal laboral.

Artigo 2. *Ámbito subxectivo*

1. O sistema transitorio de complemento de desempeño do posto do persoal laboral será de aplicación a todo o persoal laboral da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou ben a persoal laboral doutra administración que se atope en servizo activo ou servizos especiais na mesma e, en todo caso, dentro do ámbito de xestión da consellería competente en materia de función pública.

2. O persoal laboral fixo da Xunta de Galicia que cumpre os requisitos para a súa funcionarización de conformidade co establecido na disposición transitoria segunda da Lei 2/2015, do 29 de abril e do Decreto 165/2019, do 26 de decembro deberá asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque.

3. O persoal laboral fixo pertencente ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar deberán asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque.

Artigo 3. *Exclusións*

Queda excluído do acceso a este réxime extraordinario:

1. O persoal laboral que desempeñe as súas funcións nos entes instrumentais do artigo 45.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico e que, ademais, non se trate de persoal integrado como persoal laboral do Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, de conformidade co procedemento establecido no Decreto 129/2012, do 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal das entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción.
2. Persoal que xa tivera recoñecido algún grao de carreira na convocatoria de 2022.
3. O persoal laboral propio da Axencia Galega de Innovación (GAIN) por ter a súa propia convocatoria de carreira.
4. Calquera outro persoal laboral que non se atope dentro do ámbito de xestión da consellería competente en materia de función pública.

Artigo 4. *Desistencia e renuncia*

1. O persoal laboral da Xunta de Galicia poderá desistir da súa solicitude de recoñecemento do grao da complemento de desempeño antes da súa resolución ou ben renunciar ao grao unha vez recoñecido.
2. Tanto a desistencia como a renuncia comunicaranse por escrito á persoa titular da consellería competente en materia de Función Pública. A Administración aceptará de plano a desistencia ou a renuncia e ditará resolución declarando finalizado o procedemento de recoñecemento do grao no sistema de complemento de desempeño.
3. Os efectos da comunicación de desistencia produciranse dende a data de recepción desta. A renuncia implicará a perda permanente do grao que tivese recoñecido e os dereitos



económicos asociados ao mesmo dende o mes seguinte á data da resolución.

Artigo 5. *Progresión de graos*

O grao extraordinario adquirese no grupo de pertenza ou nomeamento no que se atope prestando servizos a 31.12.2023. A progresión nos distintos graos para cada grupo será consecutiva e irreversible.

Artigo 6. *Cambio de grupo ou subgrupo ou vínculo*

1. O persoal laboral que acceda a outro grupo ou subgrupo e teña recoñecido un grao de carreira administrativa deberá reiniciar a carreira no novo grupo ou subgrupo.

Este cambio non afectará ao grao de carreira xa recoñecido. Polo tanto, continuará percibindo o complemento de desempeño no grupo ou subgrupo de orixe, ao que se lle irán sumando as novas retribucións ata o límite de catro graos. Cando o persoal laboral teña recoñecido máis de catro graos, percibirá o complemento de desempeño correspondente aos catro graos de maior contía.

Porén, daráselle por recoñecido o grao inicial. No caso da promoción interna vertical o tempo prestado no anterior grupo ou subgrupo computarase como prestado no novo grupo ou subgrupo.

2. Aplicarase idéntico criterio no caso do personal laboral que acceda a corpos e escalas de persoal funcionario ou ben se trate de procesos de integración de personal laboral en corpos e escalas de persoal funcionario.

3. O desempeño de funcións de superior categoría en ningún caso consolidará as cantidades nin o grao superior do complemento de desempeño.

Artigo 7. *Homologación de graos recoñecidos noutras Administracións Públicas.*

1. O persoal laboral procedente doutra Administración Pública que pase a desempeñar postos nesta administración poderá homologar os graos de complemento de desempeño recoñecidos noutras Administracións Públicas, sempre que se teña subscrito un convenio de conferencia sectorial ou outros instrumentos de colaboración coa administración de orixe.

2. A solicitude de homologación deberá ir dirixida á Dirección Xeral de Función Pública, debendo achegar a documentación que se estime oportuna.

Artigo 8. *Efectos económicos*

En función das dispoñibilidades orzamentarias, o pagamento deste complemento adicional ao complemento de destino correspondente ao grao I ou ao grao II recoñecido producirase de maneira progresiva en 3 anualidades, con efectos económicos do 1 de xaneiro de cada ano, coa distribución que se indica a seguir:

- En 2024 o 33 %
- En 2025 o 66 %
- En 2026 o 100 %

A retribución percibirase sempre que se atope prestando servizos dentro do ámbito de xestión da consellería competente en materia de función pública.

O persoal laboral que se atope de permiso por parto, paternidade ou adopción e acollemento ou en incapacidade temporal poderá solicitar o recoñecemento igualmente, pero os efectos económicos produciranse a partir da finalización do permiso ou incapacidade.

Nestes supostos do parágrafo anterior tamén poderá solicitarse o recoñecemento do grao I ou do grao II, segundo lle corresponda, durante o mes seguinte á finalización do permiso ou da incapacidade.

No caso do persoal de cesamento do persoal laboral temporal ou de xubilación de calquera empregado público durante o ano 2024

os efectos económicos da solicitude serán dende o 01.01.2024 ata o momento do cese ou xubilación.

Artigo 9. *Procedemento*

Os empregados públicos poderán acceder o formulario de solicitude a través do portal web da función pública dende a sección <Funcionarización e carreira profesional> <https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional> ou no enderezo <http://fides.xunta.gal>

- Se accede dende dentro da rede corporativa terá habilitado o acceso mediante usuario e clave ou certificado dixital.
- Se accede de fóra da rede corporativa poderá acceder con Chave365 ou certificado dixital.

Pode consultar o listado de certificados admitidos na propia páxina de entrada no sistema.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderase empregar calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>)

Na páxina web do función pública <https://www.xunta.gal/funcion-publica/carreira-profesional> haberá á disposición dos/das empregados/as públicos documentación de axuda con instrucións sobre o acceso e o proceso de solicitude de carreira administrativa e complemento de desempeño.

A solicitude conterá os datos precargados coa información obtida das aplicacións corporativas da Dirección Xeral da Función Pública. A solicitude tramitarase integramente dende o sistema FIDES e deberá ser asinada e presentada electronicamente.

Só se admitirá unha solicitude por participante, polo tanto, non se pode solicitar máis dun grao, sexa con efectos económicos ou con efectos administrativos. Se alguén presenta máis dunha solicitude co mesmo nome darase como válida a primeira presentada.



En ningún caso, ningunha persoa poderá ter recoñecidos máis de dous graos de carreira profesional.

O prazo para a presentación das solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación

desta resolución no Diario Oficial de Galicia e será de 3 meses.

Artigo 10. *Valoración dos criterios*

Segundo os datos que consten no rexistro central de persoal, o sistema avaliará os criterios que consten no expediente e, se cumpren algún dos requisitos esixidos na convocatoria, estimárase a súa solicitude.

No caso de que non cumpra os requisitos a persoa será posteriormente requirida para que no prazo de 10 días hábiles acredite o cumprimento dalgún dos criterios. Non se permite a actualización do expediente aos efectos de solicitar o recoñecemento do grao de carreira.

Artigo 11. *Resolución*

1. O prazo máximo para a resolución das solicitudes será de 6 meses contados desde a presentación da solicitude. De non ditarse resolución no dito prazo, a solicitude entenderase desestimada.

2. As resolucións estimatorias de recoñecemento de grao terán efectos desde o 1 de xaneiro de 2024.

3. As resolucións estimatorias ou desestimatorias do recoñecemento extraordinario do grao da carreira administrativa serán publicadas no Diario Oficial de Galicia de xeito que queda garantida a protección dos datos persoais das persoas interesadas ou ben notificadas individualmente cando a aplicación informática o permita.

4. Contra a resolución estimatoria ou desestimatoria do recoñecemento extraordinario do grao do complemento de desempeño, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o conselleiro de Facenda e Administración Pública no prazo dun mes contado desde o día



seguinte ao da data de notificación da correspondente resolución, de acordo co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou poderán presentar recurso contencioso - administrativo no prazo de dous (2) meses contados contado desde o día seguinte ao da notificación da correspondente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

SECCIÓN SEGUNDA. ACCESO AO GRAO I

Artigo 12. *Requisitos específicos para o acceso ao Grao I*

1. Para acceder ao grao I o persoal laboral debe cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ter a condición de persoal laboral nesta Administración a 31.12.2023 e cunha antigüidade, en calquera Administración, de polos menos cinco anos a 31.12.2023.
- b) No caso do persoal laboral fixo das epígrafes 2 e 3 do artigo 2, asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque.
- c) Cumprir un dos criterios de avaliación establecidos no artigo 14 a 31.12.2023.

2. O grao extraordinario adquirese no grupo ou subgrupo en que se estea en activo a 31.12.2023.

Artigo 13. *Cómputo da antigüidade*

Será computable toda a antigüidade en outras administracións públicas, servizos como estatutario do persoal do Servizo Galego de Saúde, servizos como persoal funcionario na Administración de Xustiza, Universidades, Concellos e entes instrumentais do artigo 45.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

Artigo 14. *Criterios de avaliación do Grao I*

Establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

- Recibida: valoraranse os cursos de formación convocados, organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); a Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas); a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas; cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estean homologados pola EGAP; cursos impartidos polo Inem; cursos dunha consellería da Xunta de Galicia; cursos impartidos en entes instrumentais do artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, ou por algún ministerio da Administración xeral do Estado ou por universidades ou entes locais (concellos, deputacións provinciais, cabidos).

A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 4 créditos/40 horas.

Para estes efectos, tamén serán considerados os cursos da lingua galega (iniciación, perfeccionamento, medio ou superior de linguaxe administrativa galega ou o ciclo superior dos estudos de galego das escolas oficiais de idiomas) homologados polo órgano competente en materia de política lingüística, sempre que sexan dun nivel superior ao requirido para o desempeño do posto de traballo no correspondente corpo, escala ou categoría profesional. Para estes efectos, os cursos impartidos pola Secretaría Xeral de Política Lingüística considéranse como impartidos por unha consellería da Xunta de Galicia.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

- Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente. Para o persoal laboral funcionarizado que trala funcionarización pasa a ocupar o mesmo posto pero con nivel enténdese que a ocupación dese posto con nivel é anterior á conversión do posto de laboral en funcionario, polo que o nivel lle computaría dende que desempeña ese posto como laboral ou funcionario e sempre que se trate do mesmo posto. Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpre con este criterios aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os anos requiridos.

e) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.



f) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos.

g) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola Axencia Galega de Innovación.

SECCIÓN TERCEIRA. ACCESO AO GRAO II

Artigo 15. *Requisitos específicos do Grao II*

1. Para acceder ao grao II o persoal laboral debe cumprir os seguintes requisitos:

a) Ter a condición de persoal laboral nesta Administración a día 31.12.2023 e cunha antigüidade, en calquera Administración, de polos menos once anos 31.12.2023.

b) Ter recoñecido o grao I no correspondente grupo no que solicita o grao II a 31.12.2021.

c) No caso do persoal laboral fixo dos epígrafes 2 e 3 do artigo 2, asinar o compromiso de participar e superar o proceso de funcionarización que se convoque.

d) Cumprir algún dos criterios de avaliación establecidos no artigo 17 a 31.12.2023.

2. O grao extraordinario adquirese no grupo no que se ocupando un posto de traballo a 31.12.2023.

3. Non se terán en conta para o recoñecemento do grao II o criterio de avaliación empregado para o recoñecemento do grao I.

Artigo 16. *Cómputo da antigüidade*

Será computable toda a antigüidade en outras administracións públicas, servizos como estatutario do persoal do Servizo Galego de Saúde, servizos como persoal funcionario na Administración de Xustiza, Universidades, Concellos e entes instrumentais do artigo 45.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.

Artigo 17. *Criterios de avaliación do Grao II*

Establécense os seguintes criterios de avaliación, dos que soamente será necesario acreditar un para este recoñecemento:

a) Formación:

- Recibida: valoraranse os cursos de formación convocados, organizados ou impartidos pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP); a Academia Galega de Seguridade Pública (Agasp); a Escola Galega de Administración Sanitaria (Fegas); a Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS); o Instituto Nacional de Administración Pública (INAP); as escolas oficiais de formación similares do Estado e das restantes comunidades autónomas, e os cursos dos acordos de formación para o emprego das administracións públicas; cursos impartidos polas organizacións sindicais sempre que estean homologados pola EGAP; cursos impartidos polo Inem; cursos dunha consellería da Xunta de Galicia; cursos impartidos en entes instrumentais do artigo 45.a) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, ou por algún ministerio da Administración xeral do Estado ou por universidades ou entes locais (concellos, deputacións provinciais, cabidos).

A suma de todos os cursos debe consistir nun mínimo de 4 créditos/40 horas.

Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares nin as materias (créditos) que formen parte dunha titulación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.

- Impartida: para os/as empregados/as públicos/as que impartisen os cursos anteditos: 10 horas.

b) Realización de todos os cursos de doutoramento (sistema anterior ao Real decreto 185/1985) ou do programa de doutoramento ata o nivel de suficiencia investigadora segundo os reais decretos 185/1985 e 778/1998, ou pola obtención do diploma de estudos avanzados (DEA)/título de doutor/máster universitario oficial, máster universitario-título propio, experto universitario, especialista universitario.

c) Publicación de traballos científicos e de investigación relacionados coa Administración pública.

d) Dous anos de funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente. Para o persoal laboral funcionarizado que trala funcionarización pasa a ocupar o mesmo posto pero con nivel enténdese que a ocupación dese posto con nivel é anterior á conversión do posto de laboral en funcionario, polo que o nivel lle computaría dende que desempeña ese posto como laboral ou funcionario e sempre que se trate do mesmo posto. Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpre con este criterios aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os anos requiridos.

e) Dous anos en situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou nunha situación en que o/a empregado/a público/a, estando exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo: programas de cooperación internacional, membro do goberno ou órganos de goberno das comunidades autónomas, membro das institucións da Unión Europea ou das organizacións internacionais, cargos electivos de representación política, postos ou cargos directivos en organismos ou entidades instrumentais do sector público, dispensas para a realización de funcións sindicais, participación nos órganos constitucionais ou órganos estatutarios das comunidades autónomas e, en xeral, calquera outra situación similar ás anteriores.

f) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos.

g) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores/as convocado pola Axencia Galega de Innovación.

Cláusula adicional primeira. Recoñecemento de solicitudes do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar.

En relación co persoal incluído no epígrafe terceiro do artigo segundo, as referencias á Dirección Xeral da Función Pública e,



se é o caso, á persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, deberán entenderse como referidas ao órgano competente en materia de persoal Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar por corresponderlle a este o recoñecemento e pagamento do complemento de desempeño do dito persoal.

Cláusula adicional segunda. Recoñecemento de grao mediante sentenza xudicial

Aquelas persoas que ao inicio do prazo de presentación de solicitudes non teñan recoñecido ningún grado da carreira administrativa realizarán a solicitude de recoñecemento do grao I. Se con posterioridade a ese prazo obteñen sentenza xudicial firme de recoñecemento grao I da carreira administrativa, poderán solicitar o recoñecemento do grao II no prazo dun mes dende a firmeza da sentenza sempre que cumpran o restos dos requisitos esixidos. O prazo se iniciará dende a notificación do decreto de declaración da firmeza da sentenza.

Neste suposto deberá presentar a través da sede electrónica da Xunta de Galicia unha solicitude mediante o modelo PR004 (Presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado) dirixida á Dirección Xeral de Función Pública alegando o que considere necesario.

En ningún caso, ningunha persoa poderá ter recoñecidos máis de dous graos de carreira profesional.

Cláusula adicional terceira. Comisión de seguimento.

Constitúese unha comisión de seguimento coas funcións de vixilancia, interpretación e control do presente acordo, que estará composta por un membro de cada unha das organizacións sindicais asinantes ou adheridas a este, e un número igual de persoas por parte da Administración. Presidirá a persoa titular da Dirección Xeral da Función Pública ou persoa en que esta delegue e será secretario/a un/unha funcionario/a público/a con



rango de subdirector/a xeral ou xefe/a de servizo, que actuará con voz pero sen voto.

Cláusula adicional cuarta. Disposición en materia de protección de datos.

Os datos persoais recollidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Facenda e Administración Pública da Xunta de Galicia coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas; esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

Co fin de darlle a publicidade exixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas poderán ser publicados conforme o descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón a Xunta de Galicia como diarios oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou, presencialmente, nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común,

segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

Disposición derradeira. *Entrada en vigor*

O presente acordo entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

ANEXO I
Procedemento de acreditación de méritos

Criterio	Forma de acreditación
a) Formación	<p>Recibida: Acreditarase mediante copia auténtica do certificado de asistencia ao curso, no cal deberá constar o organismo ou entidade que o convocou e impartiu a dita actividade formativa, as datas de realización, o contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados. Poderase requirir á persoa solicitante a achega do programa formativo.</p> <p>Serán válidos, ademais, aqueles diplomas asinados dixitalmente por certificado dixital emitido pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT), así como aqueles que se poidan referenciar a unha web verificable ou cotexable.</p> <p>Noutro suposto, deberá achegarse certificación orixinal asinada polo órgano que impartiu a actividade formativa coas datas de realización, o contido do curso e número de créditos e/ou horas asignados.</p> <p>Non se valorarán nesta epígrafe os cursos/módulos, nin as materias que sexan parte dunha titulación de formación académica. Tampouco se valoran módulos separados dun determinado curso.</p> <p>Non se valorará a asistencia a congresos, xornadas, seminarios, simposios e similares.</p> <p>Impartida: Acreditarase mediante certificación do organismo ou entidade convocante, na cal deberá constar o contido da actividade formativa, así como o número de horas de docencia impartidas.</p> <p>Soamente valorarase formación impartida a persoal empregado público.</p> <p>Noutro suposto, non se entederá debidamente acreditado tal mérito.</p>
b) Formación universitaria de posgrao	<p>Acreditarase mediante copia auténtica do título expedido polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ou certificación da respectiva universidade, debidamente asinado, que deixe constancia do mérito invocado pola persoa solicitante.</p> <p>No relativo aos cursos de doutoramento, para que o dito mérito poida ser obxecto de valoración, a certificación que se achegue deberá deixar constancia expresa de que a persoa solicitante realizou todos os cursos de doutoramento.</p> <p>No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, achegarase, xunto coa copia auténtica do título, unha tradución xurada deste ou equivalente e credencial de recoñecemento ou homologación da titulación expedida polo Ministerio de Educación español.</p>
c) Publicacións de traballos científicos e de investigación relacionados coa administración pública.	<p>Acreditarase mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial responsable ou organismo público con competencias en xestión e arquivo de publicacións. Na certificación ou copia impresa deberá constar o nome da revista, o título do traballo, o seu autor e a data de publicación.</p> <p>Libros/capítulos de libro editados en papel: Deberá achegarse copia auténtica das follas en que conste o título do libro, o título do capítulo, o autor,</p>



Criterio	Forma de acreditación
	<p>editorial, o seu depósito legal e/ou ISBN/NIPO, lugar e ano de publicación e índice da obra. Ademais, deberá quedar acreditado o número de páxinas do libro/capítulo e que tal publicación está avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Libros editados en formato electrónico: Acreditarase mediante certificación ou copia impresa autenticada pola editorial ou organismo público con competencias de xestión e arquivo de publicacións, na cal se fará constar a autoría do capítulo e demais datos bibliográficos básicos que identifiquen a obra e/ou capítulo (autores, data de publicación, edición, ano, URL e data de consulta e acceso). Tal publicación deberá estar avalada por unha institución pública, académica, sociedade científica ou realizada por editoriais científicas de recoñecido prestixio.</p> <p>Noutro suposto, non se entenderá debidamente acreditado tal mérito.</p>
d) Funcións de dirección, subdirección ou xefatura de servizo ou xefatura de sección ou postos de nivel equivalente:	<p>Acreditarase mediante certificación dos servizos prestados en que conste a data de inicio e de fin da prestación dos servizos e as funcións realizadas.</p> <p>Dado que existen postos de xefatura de sección de nivel 22, considérase que cumpre con este criterios aquelas persoas empregadas públicas que desempeñen postos de nivel 22 ou superior durante os catro anos requiridos [VALORAR]</p>
e) Situación de excedencia por coidado de fillos e familiares ou outra situación exento/a de desempeñar as funcións inherentes ao seu nomeamento, desenvolva actividades ou funcións de interese xeral ou público ou de carácter representativo	<p>Excedencia por coidado de familiares: Acreditarase mediante certificación en que conste a data de inicio e data final desta situación.</p> <p>Resto de casos: Acreditarase mediante certificación expedida polo órgano, organismo u organización en que conste o período de duración e as funcións desenvolvidas.</p>
f) Nomeamento e participación na totalidade do proceso como membro dalgún tribunal cualificador de procesos selectivos ou de provisión de postos:	<p>Acreditarase mediante certificación expedida polo órgano convocante do correspondente proceso de selección ou provisión.</p>
g) Ser beneficiario/a do premio de empregados/as públicos/as innovadores convocado pola Axencia Galega de Innovación	<p>Acreditarase mediante certificación expedida pola Axencia Galega de Innovación.</p>

ANEXO II
Categorías profesionais non susceptibles de funcionarizar

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN
GRUPO I	I-07	Titulado/a superior dentista
	I-15	Titulado/a superior rehabilitador/a. Médico/a rehabilitador/a
	I-26	Titulado/superior neurólogo/a
	I-32	Técnico/a superior en centros de Arte
	I-36	Profesor/a de música
	I-39	Licenciado/a en ciencias do mar
GRUPO II	II-03	Estimulador/a. Psicomotricista.
	II-04	Mestre/a instrutor/a. Instrutor/a. Mestre/a taller da C. De Educación. Monitor/a de actividades docentes. Monitor/a (titulado/a medio/a).
	II-05	Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas.
	II-09	Axudante/a de desenvolvemento rural.
	II-15	Asesor/a de prensa
	II-16	Capelán
	II-22	Monitor de capacitación agraria.
	II-25	Divulgador/a
	II-30	Técnico/a en animación sociocultural
	II-33	Profesor/a de danza clásica.
	II-33bis	Fotógrafo/a artístico/a.
	II-35	Pianista.
	II-38	Perito/a xudicial diplomado/a.
	II-42	Xestor/a de documentación.
GRUPO III	III-03	Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a
	III-09	Encargado/a de unidade.
	III-12	Mestre/a de taller.
	III-15	Experto/a en exposicións.
	III-18	Marcador de metais preciosos.
	III-20	Mestre/a industrial
	III-22	Encargado/a de sección de enerxía da Consellería de Industria.
	III-24	Encargado/a de rede estatística.
	III-25	Capataz coordinador/a de pesca.
	III-27	Mestre/a sondista.
	III-28	Mecánico/a naval de 1ª.
	III-34	Especialista de oficios (debuxante)
	III-36	Experto/a audiovisuais.
	III-37	Técnico/a de son.

GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN
	III-39	Rexedor/a de escena.
	III-43	Encargado/a de estrutura escénica. Encargado/a de taller de escenografía. Técnico/a de máquinas IGAEM.
	III-45	Técnico/a de luces.
	III-51	Perito/a xudicial. BVP.
	III-52	Tradutor/a. Intérprete da Adm. De xustiza.
	III-53	Técnico/a en restauración cinematográfica.
	III-54	Técnico/a especialista en radioloxía.
	III-54 BIS	Hixienista dental.
	III-55	Patrón de embarcación
	III-66	Axudante/a de taller.
	III-71	Oficial 1ª xardineiro.
	III-74	Oficial de primeira albanel.
	III-76	Oficial primeira electricista
	III-84	Oficial/a de primeira calefactor/a.
	III-88	Capataz explotacións marisqueiras.
	III-92	Capataz forestal
	III-93	Técnico/a auxiliar en electrónica de comunicacións.
	III-94	Técnico/a en imaxe e son
	III-95	Práctico/a de topografía.
	III-97	Auxiliar de son.
	III-98	Auxiliar de luces.
	III-99	Coidador/a a extinguir.
	III-101	Proxeccionista.
	III-102	Encadernador/a.
	III-103	Entrevistador/Enquisador.
	III-104	Intérprete de linguaxe de signos.
	III-105	Mestre/a en música tradicional.
GRUPO IV	IV-02	Auxiliar mecánico/a. Oficial 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación de obras.
	IV-07	Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación.
	IV-08	Oficial/a 2ª topógrafo. Axudante/a topografía.
	IV-13	Auxiliar especialista en farmacia.
	IV-21	Oficial/a 2ª carpinteiro/a, auxiliar carpintaría
	IV-23	Mestre/a gaitero.
	IV-24	Xastre/a.
	IV-25	Cargador/a tremoieiro.
	IV-29	mariñeiro/a.
	IV-31	legoeiro/a.
	IV-34	Axudante/a restauración produción cinematográfica.
	IV-37	Oficial 2ª mecánico de defensa contra incendios forestais.
	IV-39	Auxiliar de autopsia



GRUPO	CATEGORÍA	DENOMINACIÓN
	IV-41	Oficial/a de defensa contra incendios.
GRUPO V	V-05	Perruqueiro/a. Barbeiro/a.
	V-10A	Vixilante móbil defensa contra incendios forestais.
	V-10 D	Socorrista.